

21 de marzo - Día Mundial da Poesía

Letras Galegas 2024 - Luísa Villalta (1957-2004)

Vamos xogar a ser poetas, por un día nen que sexa!

A seguir temos unha serie de versos, da homenaxeada polo día das Letras Galegas neste ano, que foron seleccionados polo alumnado e o profesorado da escola.

Trátase de crearmos un novo poema pola técnica chamada de [centón](#) (crear un novo poema a partir de versos doutras persoas autoras, neste caso da propia Villalta), entón, temos dúas opcións:



- ou ben escollemos aleatoriamente entre 10-15 versos dos que temos abaixo e creamos un novo poema, facendo algunha pequena alteración, se é necesario, para unir os versos;
- ou ben escollemos conscientemente 10-15 versos e creamos igualmente un novo poema, facendo algunha pequena alteración, se for necesaria, para que fiquen cohesionados

VERSOS; versos extraídos de:

- *Música Reservada*, Luísa Villalta (Sada: 1991), ed. do Castro
- *Pensar é escuro _ Poesía reunida (1991-2004)*, Luísa Villalta, ed. Armando Requeixo, (Vigo: 2023) ed. Galaxia,

1. esta vida que se afoga cada noite
2. moitas veces a noite ven de día e, cando a sombra cai
3. nome do amor, e aínda un sentimento
4. a pesar do vacío sentiremos na palabra a vía vertical durante un breve instante
5. pensar é escuro
6. como un morto que mira a súa morte
7. entender ou vivir?
8. como a hora, o día, a mán e a calavera
9. somos o doce fío que o silencio outorga
10. flores ausentes, perfumes do olvido
11. onde respira a nostalxia
12. outras luces non traíran con falsos brillos
13. o sol paralelo á miña fronte
14. querer, querería saber rir
15. xogando a insinuar futuros
16. o vento cheira a cadáver
17. o amor que a palabra redondea forza

18. pensar, pensar, como en lexión de criaturas que arrebatan as explicacións máis simples da loucura
19. o mar sempre infinito
20. a palabra florece
21. onde respira a nostálxia, o medo
22. pisando estrelas subo as Pratarías
23. dentro da estancia paulatina
24. a memoria da luz e a súa palabra
25. para a única verdade sen memoria
26. que pouco é todo o mundo
27. se cantar é recordar a melodía
28. sen o escuro contraste do día
29. delirio vertical
30. escravos da memoria
31. a vida estaciona a realidade
32. sensualiza a dor do ser
33. o amor que a palabra redondea
34. unha vontade de dormir desperto
35. na luz doente da mañá ambigua
36. sen mudar outras follas que as do tempo
37. negarei ao progreso o seu destino
38. o incompleto presente
39. a moral das ruas despovoadas
40. deixando un inservíbel corpo
41. desde o fondo e até o fondo
42. é un viver de dobre fondo
43. corazón en todo caso ensarillado
44. exhalando aromas de desarticulación
45. quero volver sen ter ido sequer
46. xa non a boca, xa non a lingua
47. concede-nos o don de ser prosaicos
48. todo ven dunha célula que se deriva
49. mentres as luces sumadas me dividen
50. e dos viaxeiros que olvidaron retornar
51. versos. Palabras, por tanto, falsidade
52. as palabras tamén se son poema
53. o futuro levanta as enaguas das ondas coquetas
54. quen soña en min con tanto ruído?
55. calquer destino ao que se aboca a vida
56. e anda só, e pára, e anoitece
57. sentir é desexar o sol de onte
58. que pouco é todo o mundo

O MEU POEMA_centón a/de
Villalta

Nome:

Agora inventamos os nosos propios versos!

A autora comezou no eido poético escribindo “*Sete haikus*” publicados en *El Correo Gallego* en abril de 1985.

O [haiku](#) é unha modalidade de poesía curta xaponesa que consta de 17 sílabas en 3 versos (5-7-5) sen ter que ter necesariamente rima:

Exemplos de haikus:

<p>velha lagoa . . . um sapo salta nela o som da água</p> <p>de Matsuo Bashō</p>	<p>QUE exacta aquela voz cristaleando o edificio inteiro da miña soledade</p> <p>de Luísa Villalta</p>
--	--

Vamos agora crear nós tamén os nosos haikus, un coa estrutura clásica e outro con total liberdade poética, pero sempre só con 3 versos:

Haiku clásico con 5-7-5	Haiku versión libre
<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>de _____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>de _____</p>